

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA
28 DE NOVEMBRO DE 2006.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnosó.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Purificación Rodríguez Rico.
D^a Isabel Blanco Pico.
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

Interventora:

D^a Águeda Bello Valdés.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de Novembro de dous mil seis, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Purificación Rodríguez Rico, Dona Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión, a interventora do Concello D^a Águeda Bello Valdés, e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, secretaria do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**PUNTO ÚNICO.- PREVIA RATIFICACION DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA,
PROPOSICIÓN RELATIVA AO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL 2007.-**

A continuación, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na Orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Seguidamente dáse conta da proposición da Alcaldía de data 27 de Novembro de 2006 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Industria de data 27 de novembro de 2006 que transcrita literalmente di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA:

Vista a Circular para elaborar o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal para o ano 2007 remitida pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña (eentrada 12.09.06, nº rexistro 5556).

Vistos os proxectos técnicos das obras “ Dotación de Servizos e pavimentacións en núcleos de Fene” e “ Apertura e pavimentación da rúa Mundín” redactados polo enxeñeiro D. Marcelino López Méndez.

PROPONSE A O PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO.

Primeiro.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2007 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2007, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto
“Dotación de servizos e pavimentacións en núcleos de Fene.”	243.464,72	133.790,18	346.291,95
TOTAIS	243.464,72	133.790,18	346.291,95

Segundo.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2007 e que se relacionan no punto anterior.

Terceiro.- Aprobar o Plan complementario do ano 2007 no que se inclúen as obras que a continuación se relaciónan:

Denominación da obra	Presuposto
“ Apertura e pavimentación da rúa Mundín”	30.962,95

Cuarto.- Adoptar o compromiso de realizar as actuacións pertinentes en orde a obter a total dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras así como para obter as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2007 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2007.

Sexto.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta prodúcese efectivamente.

Sétimo.- Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera, quen unha vez concedido manifesta que o seu grupo vai solicitar que o asunto quede sobre a mesa e que se traia a Pleno antes de que remate o prazo previsto que é o día 30 porque non están de acordo con dúas cuestións fundamentais que aparecen neste POS; di que en primeiro lugar e como o teñen trasladado ao grupo de goberno, porque eles consideran que non se axusta exactamente ó que acordaron tódolos grupos, especialmente o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego nas diversas reunións que mantiveron para pactar este POS, di que na primeira proposta que se achegaba por parte do grupo municipal observaban que había un desfase de 92.000 euros sobre o orzamento que este POS debería ter e que para elo había que recorrer a un crédito de 40 millóns de pesetas que eles entendían que era inasumible; que fáielle saber isto ao grupo de goberno e presentase unha nova proposta na que eses noventa e dous mil euros de desfase están corrixidos e que en principio tamén se chegara ao acordo de non recorrer a crédito para facer estas obras; que froito diso hai tres actuacións en diferentes parroquias do Concello que quedan á marxe deste POS co compromiso de desenvolve-las posteriormente por parte de tódolos grupos, pero que cando agora revisan a documentación concreta que ven a este pleno, se atopan con que unha desas obras aprobadas para facer no POS, en ningún momento especificado que fose doutro xeito senón dentro do POS principal, unha desas obras aparece incluída non no plan principal senón no complementario do 2007, e que o plan complementario o que quere dicir é que esa obra farase ou non en función de que haxa ou non cancelación noutras obras e que haxa remanente de cartos para poder executala, e non é unha obra calquera no sentido de que, como moi ben se lles dixo dende o grupo de goberno cando intentaron pactar o POS, a idea que tódolos grupos compartiron foi que este plan sirva para actuar en tódalas parroquias, que na de Perlio, que é a mais numerosa do Concello, había dúas obras que eran a reurbanización da Avda. Marqués de Figueroa, que nun momento xa se deixou aparcada precisamente para corrixir ese desfase orzamentario, e había outra obra que era o camiño de Mundín que é o que agora aparece no plan complementario, é dicir, a parroquia de Perlio non ten absolutamente ningunha obra dentro do POS principal e do que se executará con toda seguridade, iso é unha parte pois forma parte do resentimento que poidan ter porque o grupo de goberno non cumpra o que tiña acordado co grupo socialista neste caso, pero o mais importante, e que tamén se fai constar nun informe de Secretaría que se adxunta ao pleno, é que os informes técnicos preceptivos sobre estas obras non se achegan xunto coa documentación deste pleno e por tanto estarían aprobando unha serie de obras que realmente non saben a súa viabilidade técnica ou a súa legalidade, e ademais unha delas teñen serias dúbidas como a senda peonil de San Valentín, sobre unha rúa que está proxectada no PXOM. Continúa o Sr. Puentes Rivera dicindo que, polo tanto, como quedan dous días aínda, que non

é moito prazo para remitir á Deputación provincial a documentación e neses dous días cre que da tempo a modificar o que expoñía antes sobre o plan complementario para que a parroquia de Perlio poida ter algunha actuación dentro do que é o POS principal e tamén incluír eses informes técnicos que están pendentes, a proposta do grupo socialista é que quede sobre a mesa o asunto e que en dous días se celebre unha nova sesión plenaria para aprobar o POS como legalmente tense que aprobar.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que o grupo de goberno está de acordo en seguir o pleno e non teñen por qué atrasar as obras.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Rodríguez Rico quen, unha vez concedido manifesta que a postura que mantiveron na reunión era que estaban de acordo co POS sempre que non se fose a crédito; que realmente non se foi a crédito e o comparten, pero o que non comparten é que veñan agora ao pleno sen ver os informes, non é que vaian dudar do que vaia vir pero que antes de aprobalo gustaríalles poder examinar eses informes e polo tanto tamén están de acordo en que quedase sobre a mesa e se se sigue co pleno adiante o seu grupo vaise abster.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido sinala que para Esquerda Unida que quede sobre a mesa ou que se siga adiante elles indiferente, agora ben, o que si lles parece é bastante pouco falta de seriedade porque tiveron tempo bastante a ver as cousas e aquí vense unha serie de cousas que neste momento o que pasa sempre, que se quere quedar ben con todos e non gastar un duro; di se non se quere ir a crédito que é o que dende EU mantiveron dende un principio pois non se podían facer determinadas cousas e pide que hai que ser mais serios; que dende Esquerda Unida sempre mantiveron que se deben controlar os créditos da maior forma posible, pero ve que para outras cousas vaise polo mundo cun viva Santander e en determinadas cousas como son estas non serven, pero as maiorías son as que mandan e as cousas son así.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido manifesta que o compromiso que ten o grupo de goberno é simplemente definir obras e darlle financiamento; que aquí está definido un plan de actuación descentralizado, consensuado pola maioría de tódolos grupos políticos e o Sr. Puentes Rivera está a falar dun incumprimento, pero o Partido Socialista non solicitou que un camiño fora no complementario ou no outro, se dixo que ían e a todo isto o complementario se financia tamén e senón poden coller o compromiso de que se non hai financiamento irase aos recursos ordinarios do orzamento; que a todo isto ten que dicir que a estas alturas tódolos POS deste mandato fóronse financiando, e se non se financia iso, coas baixas que xeran, a inversión a maiores polo propio Concello son suficientes para financiar eses cinco millóns de pesetas, e que tamén lle parece unha falta de formalidade por parte dos que fan esta proposta cando realmente eran conscientes primeiramente das obras que se incluían, onde non había un orde de se complementario ou principal e respecto a informe técnico eran coñecedores, de feito el insistiu e se referiu a que había ese problema co informe técnico, e que seguramente habería que mandalo posteriormente; que onte na comisión de obras se valorou isto e se dixo que o informe técnico se emitiría por parte do técnico municipal e se enviaría á Deputación. Continúa o Sr. González Vizoso a súa intervención e manifesta que quere dicir que cre que isto está mais que definido e que tanto o complementario como o principal van saír nas mesmas datas, van saír despois das eleccións e non ven esas presas porque uns vaian nun sitio ou noutro, e que eles adoptan o compromiso de que o complementario se faga, pero esta é unha nova sorpresa das que o Partido Socialista xa lles ten adiantado en infinidade de ocasións, e que hai que ser serios.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que quere respostar xa que falando de sorpresa, a sorpresa a leva o grupo socialista cando recibe a documentación deste pleno, porque non lle corresponde ao seu grupo, correspóndelle ao grupo de goberno, levar a iniciativa e acordar as cousas que veñen a pleno, e a sorpresa a leva o grupo socialista cando ve que de mais dunha ducia de obras que están consignadas no POS, curiosamente sen consultarlle ao grupo socialista, non sabe se aos demais grupos o consultaron, resulta que no plan complementario como dicía ao principio non é o mesmo posto que se fora así todo iría no principal, pois no complementario a execución da obra está condicionada a que haxa restos de cartos e a que haxa remanentes noutras obras, e nese plan complementario poderíase ter incluído por exemplo a senda peonil de San Valentín que será necesaria, pero seguramente que menos prioritaria que amañar o camiño aos veciños que están entrando por un camiño cheo de lama e impracticable ás súas casas, por tanto se é o mesmo non sabe por qué non se inclúe outra obra e se inclúe esta, e se o grupo de goberno tiña vontade de consensuar e de dialogar coa oposición non sabe por qué despois de chegar a un acordo na comisión, agora sácase da manga isto sen consultarlle a ningún dos outros grupos.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido manifesta que non se consulta porque realmente nas negociacións anteriores de exercizos anteriores do POS se aplicou o mesmo sistema que agora, e todos estiveron de acordo; di que o grupo de goberno unha vez seleccionados os camiños e cuantificados metelos no principal e outro no secundario, e ten que dicir que se cumpriu ao cen por cen porque esas obras aínda sen financiamento da Deputación están recollidas no orzamento; di que quere dicir que hai un cumprimento, agora se hai unha iniciativa por parte do grupo socialista de excluír do principal e incluír no secundario unha obra concreta que falaran dela, pero aquí non se falou nada en absoluto, por tanto eles vanlle dar para adiante a este pleno.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que é partidario de que se aprobara e que se se sigue co pleno quere sinalar que había unha inversión que eran os corenta millóns; di que neste caso son obras que eran necesarias e as ven xustificadas como se mantiveron dende o primeiro momento. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que hai unhas achegas da Deputación de 40.6 millóns de pesetas e unha do Concello de 22.3, isto suman os 62, e se se suman as obras das que están discutindo, ve que hai unha previsión de diñeiro para que a obra de Mundín se realice, outra cousa é que esté no complementario que esté entre as principais.

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde e manifesta que hai que votar se queda sobre a mesa o asunto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido manifesta que en dous días devolver isto a unha oficina técnica non se van comprometer a que isto se faga no prazo que marca a Deputación que é o día 30.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido di que se trata do informe dos servizos técnicos municipais.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que é verdade que na última reunión e o ten anotado, cando se dixó que os informes ían con

certo atraso, díxose tamén e así o expresou nesa reunión, de que tiñan dúbidas sobre algunha das obras que se contemplaban e se dixo que se ía mirar iso e ver como se podía solventar, pero non se falou de que viñesen os proxectos ao pleno sen informes técnicos en ningún momento; que hai dúas cousas, que ao mellor Proyfe en dous días non é capaz de modificar o proxecto técnico pero a eles válelles a palabra e o compromiso do grupo de goberno adoptado hoxe aquí de que esa obra se vai executar, pero en dous días supón que a oficina técnica poderá facer os informes preceptivos neste caso para que se poida aprobar sen ningún tipo de dúbida.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que onte houbo Comisión de Urbanismo e cre que se comprometeu e así estará recollido na correspondente acta, e que traería o informe técnico ao pleno ordinario para mandalo á Deputación como algo que non daba tempo a facelo antes; que non ten problema ningún en que a oficina técnica emita o seu informe, que parécelle o correcto, que non se emitiu por falta de tempo e se comprometeu a traelo ao pleno ordinario e mandalo daquela á Deputación, e estase comprometendo ao mesmo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido di que neste pleno non soamente aprobamos estas obras, senón que tamén se aproban os proxectos para elaborar estas obras e politicamente os grupos estarían dando apoio a uns proxectos que non están informados tecnicamente, ese é o problema.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta de deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9) dos/as señores/as Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, García Bermúdez, Goti Ramil, Yáñez Fernández, Rodríguez Rico, Blanco Pico, Malvar Fernández e Corral Fornos.

Votos en contra: sete (7) dos/as señores/as Rivera Arnosos, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez González, Couto Seijido, Pico Sanmartín e González Tomé.

Abstencións: unha (1) do Sr. Martínez Sánchez.

Á vista do resultado da votación, queda sobre a mesa o asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e cincuenta e sete minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
Alcalde-presidente

A secretaria,

Asdo. Xosé Mª Rivera Arnosos.

Asdo.: Pilar Mª Pastor Novo.